O obxectivo principal que se procura é adaptar as condicións de seguridade, accesibilidade, illamento de edificios, equipamento, etc., e, en xeral, contribuir á mellora das condicións de traballo do sector portuario e as dársenas, así como á modernización das infraestruturas. Inclúense ademais actuacións de interacción porto-ciudadá ao obxecto de devolver ao uso cidadán espazos residuais sen actividade profesional.

A continuación figuran as fichas descritivas das obras maiores executadas e en execución ao longo de 2022.

OBRAS MAIORES EXECUTADAS E EN EXECUCIÓN AO LONGO DE 2022

Nº	PORTO	TÍTULO DA OBRA	IMPORTE CON IVE	INICIO DE OBRA	FIN DE OBRA	ESTADO A 31 DE DECEMBRO
1	A GUARDA	Mellora funcional da rampla de varada na Guarda	180.290,00 €	14/11/21	23/1/23	En execución
2	AGUETE	Reposición de dous módulos de dique flotante no porto de Aguete	193.593,95 €	19/11/21	28/5/22	Executada. Pendente de acta favorable
3	CAMPELO	Ampliación da lonxa de Campelo	600.926,10 €	5/5/22	4/1/23	En execución
4	CANGAS	Mellora de instalacións de atracada de embarcacións de pasaxe no porto de Cangas	656.582,30 €	26/2/22	3/3/23	En execución
5	CANIDO	Nova lonxa no porto de Canido	252.691,32 €	28/9/21	27/6/22	Executada
6	CARRIL	Dragaxe no porto de Carril	476.927,22 €	8/7/21	14/9/22	Executada
8	CELEIRO	Acondicionamento de nave de reparación de redes no peirao en Celeiro	379.443,90 €	26/3/22	30/12/22	En execución
9	LAXE	Dragaxe no porto de Laxe	3.662.094,04 €	11/10/19	21/6/23	En execución
10	MALPICA	Reforzo estrutural do vial interior do porto de Malpica de Bergantiños	194.822,10 €	6/11/21	22/4/22	Executada
11	MOAÑA	Nova pasarela no porto de Moaña	439.586,95 €	28/5/21	17/1/22	Executada
12	MUROS	Reposición de cuberta e acondicionamento da lonxa de Muros	345.228,73 €	25/11/22	24/3/23	En execución
13	ORTIGUEIRA	Urbanización da contorna dos departamentos de usuarios de Ortigueira	284.350,00 €	23/4/22	5/2/23	En execución
14	PALMEIRA	Mellora da mobilidade e accesibilidade na contorna do porto de Palmeira	675.320,75 €	28/7/22	27/3/23	En execución
15	PORTO DO SON	Acondicionamento do borde portuario de Porto do Son	4.053.794,71 €	21/7/20	7/3/22	Executada
16	RIANXO	Edificio de departamentos para usuarios no porto de Rianxo	1.972.300,00 €	24/2/21	31/3/23	En execución
17	RIBEIRA	Reordenación interior da lámina de auga en Ribeira	1.252.350,00 €	21/1/21	30/6/22	Executada
18	VIARIOS	Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque en Sada, A Pobra do Caramiñal e Rianxo	1.958.990,00 €	26/11/21	31/12/22	En execución
19	VIARIOS	Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraque en Corme, Pontedeume, Fisterra, O Freixo, Muros, Miño, Betanzos e Corcubión	1.294.700,00 €	13/4/21	28/11/22	Executada

Nº	PORTO	TÍTULO DA OBRA	IMPORTE CON IVE	INICIO DE OBRA	FIN DE OBRA	ESTADO A 31 DE DECEMBRO
20	VARIOS	Mellora de defensas e escalas en Muxía, Camariñas e Ribeira	436.790,64 €	22/5/21	11/3/22	Executada
21	VARIOS	Mellora de medios de amarre e defensas en diversos portos da zona norte, centro e sur	1.823.267,93 €	1/7/22	28/2/23	En execución
22	VARIOS	Mellora da sinalización vertical nos espazos portuarios	214.068,23 €	1/3/22	22/1/23	En execución
23	PORTOSÍN	Acondicionamento da lonxa de Portosín	170.957,35 €	17/12/22	16/4/23	En execución
24	PORTO DO SON	Acondicionamento da lonxa e o edificio da Confraría de pescadores de Porto do Son	204.836,06 €	17/12/22	16/4/23	En execución
25	FISTERRA	Mellora do vial de acceso ao porto de Fisterra	285.500,00 €	22/12/22	21/3/23	En execución
26	BUEU	Mellora das condicións de accesibilidade na rúa Montero Ríos e no peirao de pasaxe en Bueu	202.917,00 €	17/12/22	16/3/23	En execución



TIPOLOXÍA DE INVERSIÓNS	
Melloras en pantaláns	3.345.811 €
Edificación	1.458.497 €
Urbanización	1.084.609 €
AT Proxectos	1.064.290 €
Melloras seguridade	992.510 €
Dragado	986.686 €
PBIP	606.645 €
Melloras ambientais	169.434 €
Abrigo	146.897 €
Sinalización	93.133 €
Investigación	81.874 €
AT obras	74.895 €
TOTAL XERAL	10.105.281 €

← INICIO



A GUARDA

Mellora funcional da rampla de varada



Os traballos consisten na mellora da operatividade ao obxecto de garantir a súa funcionalidade en condicións axeitadas de seguridade desta infraestrutura, na que ten lugar a carga e descarga de pesca do peirao guardés. A rampla, que ten unha anchura de 115 metros e unha lonxitude de 72 metros, desemboca nunha zona de rocha, en función das mareas, dificulta o seu uso, polo que é necesaria a prolongación.


En concreto, as obras contemplan a ampliación da rampla en 18,5 metros de lonxitude e 35 de anchura, partindo das escaleiras de acceso. Así mesmo contéplase o recalzamento do peirao de descarga e a reparación das escaleiras anexas que se empregan para o subministro de combustible. Finalmente restituíuse tamén parte do pavimento da rampla anterior.

Con carácter previo a esta actuación realizouse a dragaxe da fronte de acceso á rampla ata acadar a cota -1.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA


AGUETE

Reposición de dous módulos de dique flotante no porto



Importe con IVE: 193.593,95 €	Inicio - Fin da obra: 19/11/21 - 28/5/22	Estado: Executada. Pendente de acta favorable
---	--	---

O obxecto desta actuación é mellorar o equipamento que contribúa á mellora das condicións de abrigo ao mar de vento da flota deportiva nas inmediacións do dique de Aguete. As obras consisten na construción e instalación de 40 metros de dique flotante de formigón tipo caixa mediante dous módulos de 5 metros de ancho e 20 metros de lonxitude cada un. Estes módulos serán fondeados e colocados mediante mortos de formigón de 10 toneladas –4 para cada módulo– e cadeas de aceiro de grao 3, de 44 milímetros de diámetro.





CAMPELO

Ampliación da lonxa do porto

Importe con IVE: 600.926,10 €	Inicio - Fin da obra: 5/5/22 - 4/1/23	Estado: En execución
---	---	--------------------------------

O obxecto das obras é acondicionar e ampliar a zona de uso administrativo e a distribución de espazos da zona de vendas existente para satisfacer as necesidades dos usuarios e traballadores do edificio da lonxa.

Para mellorar as condicións de actividade do edificio é necesaria a ampliación no extremo sueste, sobre a zona de acceso e do aparcadoiro. O esquema de uso mantense, quedando a zona de oficinas e acceso do público na planta baixa e as estancias destinadas a reunións na planta alta. Dótase dun forxado intermedio para o almacenamento de caixas e, na planta baixa, mantense a distribución cun corredor central como eixo que dá acceso ás oficinas, ao tempo que se inclúe unha estancia de almacén vinculada directamente coa nave principal da lonxa.

En canto ás comunicacións verticais, a escaleira de caracol anterior retírase e a comunicación coa planta alta trasládase á zona ampliada, onde se sitúa tamén un ascensor para garantir a accesibilidade a todo o edificio. Nesta nova zona ampliada sitúanse os aseos públicos e un despacho. Na planta superior modifícase a cuberta para permitir un mellor aproveitamento e a entrada de luz natural e engádense unha sala de reunións, os aseos para o persoal, un pequeno almacén e un cuarto de instalacións con ventilación directa ao exterior.



CANGAS

Mellora das instalacións de atracada de embarcacións de pasaxe no porto




Importe con IVE: 656.582,30 €	Inicio - Fin da obra: 26/2/22 - 3/3/23	Estado: En execución
---	--	--------------------------------

O obxecto do contrato é adecuar as condicións de atracada de pasaxe que utilizan o porto de Cangas, de forma que garantan as condicións de seguridade e accesibilidade dos pasaxeiros durante as operacións de embarque e desembarque.

As obras contemplan a dotación dun novo pantalán en forma de U que permitirá a atracada das embarcacións que fan o servizo de pasaxe estacional, diferenciando estes tráfico dos de pasaxe regular na liña Vigo-Cangas. Esta dotación supón un salto cualitativo nas condicións de embarque e desembarque tanto desde o punto de vista da seguridade como da integración das distintas actividades na zona de servizo do porto, ademais de potenciar o conxunto do tráfico e a intermodalidade, por exemplo de bicicletas.

A actuación supón unha solución totalmente accesible no transporte de rúa.



CANIDO

CANIDO

Nova lonxa no porto

Importe con IVE: 252.691,32 €	Inicio - Fin da obra: 28/9/21 - 27/6/22
---	---

Estado:
Executada

O novo edificio substitúe ao existente anteriormente e dá resposta ás necesidades operativas da confraría de Canido, complementando a zona de lonxa cun pequeno espazo para usos complementarios, vencellado na actualidade á pesca recreativa. Trátase dunha edificación dunha única altura con características similares ás do seu entorno para mellor integración. A superficie do inmobile é de 130 metros cadrados.

Polo que respecta á distribución de espazos, acolle unha zona de vendas da lonxa con cámara frigorífica e zona de lavado, un local xeral de instalacións, oficina para a confraría, vestiarios masculino e feminino e oficina para outros usos, con aseo propio. O acceso á zona de venda fórmulase cun soportal de 12 metros cadrados que facilita a carga e descarga de mercadorías.

Finalmente, a construción da edificación complementáase coa reordenación do tráfico e da zona de aparcadoiros exteriores, existentes na zona limítrofe. Ademais, o espazo conta coa servizos básicos e de telecomunicacións.



O CARRIL

CARRIL

Dragaxe no porto

Importe con IVE: 476.927,22 €	Inicio - Fin da obra: 8/7/21 - 14/9/22	Estado: Executada
---	--	-----------------------------



O obxectivo dos traballos é recuperar o calado na zona ata a cota -2 no caso da dársena sur. Con estas obras, Portos de Galicia pretende devolver á dársena maior operatividade a través da recuperación do calado para a entrada e saída da frota. Ademais, parte dos áridos extraídos empréganse para usos produtivos e, en concreto, para a rexeneración dos bancos marisqueiros da zona.





CELEIRO

CELEIRO

Acondicionamento da nave de reparación de redes de arrastre no peirao do porto



Importe con IVE:
379.443,90 €

Inicio - Fin da obra:
26/3/22 - 30/12/22

Estado:
En execución

As obras consisten no peche frontal da cara sur do edificio a través de dúas portas corredoiras e tamén toda a fachada norte mantendo a operatividade da actividade de reparación de redes e mellorando as condicións de traballo dos seus usuarios. Ademais, créase unha zona de aseos e outra reservada para o servizo Marpol, de recollida de hidrocarburos. Tamén se minimiza o risco de vandalismo no edificio, así como outros trastornos na actividade.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA



LAXE

LAXE

Dragaxe no porto



Importe con IVE: 3.662.094,04 €	Inicio - Fin da obra: 11/10/19 - 21/6/23
---	--

Estado: En execución

Esta actuación vén derivada da problemática de onda longa á que se vía sometido o porto de Laxe.

As obras consisten na dragaxe, principalmente en rocha, da dársena do porto á cota -5 e á -3 na zona próxima ao peirao da lonxa. A complexidade desta actuación radica en que se atopa situada en Rede Natura, Zona de Especial Protección para as Aves, polo que a Declaración de Impacto Ambiental establece ventas para a execución dos diferentes traballos durante os meses de maio a setembro. Esta circunstancia, así como a existencia da Igrexa da Barca —con protección patrimonial—, reduciron os rendementos prolongándose o prazo máis do agardado.

Concretamente, trátase dunha dragaxe duns 43.400 metros cúbicos de rocha para deixar a dársena á cota -5 e a zona próxima ao peirao da lonxa á -3. Para realizar esta dragaxe é preciso desmontar o pantalán e a pasarela, que serán reinstalados unha vez finalizada a dragaxe.

← INICIO

MALPICA DE BERGANTIÑOS

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Reforzo estrutural do vial interior

Importe con IVE: 194.822,10 €	Inicio - Fin da obra: 6/11/21 - 22/4/22	Estado: Executada
---	---	-----------------------------




O obxectivo desta actuación é recuperar o tráfico de camiións de acceso á lonxa de Malpica, que estivo restrinxido polas limitacións en capacidade de carga do paso sobre a dársena. Esta situación suporía un problema de seguridade e unha complexa operativa de transporte da pesca fresca.



Os traballos supoñen a intervención no sostemento dos vanos da ponte, a consolidación da cimentación e o reforzo estrutural da plataforma da vía interior do porto, reparándose ademais as zonas que polo efecto da corrosión e outros factores perderan a súa capacidade estrutural ou esta non era suficiente para a actual necesidade de tráfico.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA



MOAÑA

MOAÑA

Nova pasarela no porto



Importe con IVE: 439.586,95 €	Inicio - Fin da obra: 28/5/21 - 17/1/22
---	---

Estado: Executada

As obras consisten na construción dunha nova pasarela peonil no bordo litoral da zona portuaria en substitución da vella pasarela de madeira que se atopaba deteriorada polo paso do tempo, o que podería supoñer problemas de seguridade ao tránsito.

A nova pasarela está construída en beiril con estrutura de formigón e aceiro para maior resistencia e durabilidade. Esta configuración permite eliminar os apoios na praia e na coeira. Na zona da coeira, ademais, dispóñense dúas escaleiras de acceso ao mar e na zona de praia constrúense unhas escaleiras de granito nun dos laterais e substitúese a vella rampla de madeira por unha nova de aceiro e formigón.

As obras realizáronse ao amparo dun convenio de colaboración co concello de Moaña, quen se fará cargo do mantemento destas novas instalacións e zonas de interacción porto-cidade do porto.



MUROS

Reposición de cuberta e acondicionamento de lonxa




Importe con IVE:
345.228,73 €

Inicio - Fin da obra:
25/11/22 - 24/3/23

Estado:
En execución

O obxectivo desta actuación pasa por mellorar as condicións de illamento e estanquidade do edificio da lonxa. Para iso, as obras inclúen a substitución integral da cuberta de dúas augas por panel de dúas chapas de aceiro, así como a renovación da cuberta plana nas zonas restantes. Ademais, instálanse novos canlóns para as augas pluviais e retíranse as reixas existentes ata o momento. Finalmente, realízase unha mellora do alumeadado a través de lámpadas de tecnoloxía LED.



ORTIGUEIRA

Urbanización da contorna dos departamentos de usuarios no porto

Importe con IVE:
284.350,00 €

Inicio - Fin da obra:
23/4/22 - 5/2/23

Estado: En execución

O obxecto das obras é o acondicionamento do firme na contorna dos departamentos para usuarios, rehabilitando así os danos que presentaba anteriormente debido ao tránsito rodado. Ademais, favorécese a mobilidade peonil entre o parque do Malecón e as beirarrúas existentes na contorna do cemiterio municipal e renóvanse os servizos urbanos.

En concreto, os traballos consistirán na substitución de pavimentos empregando solados de lousas de formigón, formigón desactivado e formigón pulido, así como calzadas de formigón bituminoso e zonas axardinadas. Igualmente, procédese á renovación de servizos urbanos mediante a desmontaxe de alumeadado público existente e cableado aéreo, e á execución de novas redes de saneamento, pluviais, alumeadado público, baixa tensión e rego automático en xardíns.

← INICIO



PALMEIRA

Mellora da mobilidade e a accesibilidade no entorno do porto Primeira fase



Importe con IVE: 675.320,75 €	Inicio - Fin da obra: 28/7/22 - 27/3/23	Estado: En execución
---	---	--------------------------------

O obxectivo das obras é transformar este espazo de integración entre o porto e a vila, poñendo en valor o patrimonio portuario e eliminando barreiras visuais e redeseñando a imaxe da dársena para facela multidisciplinar e máis atractiva para os veciños e visitantes, salvagardando á vez a operativa dos profesionais do mar.

Trátase dunha actuación de referencia no ámbito da integración porto-cidade, baseada nun anteproxecto do prestixioso arquitecto David Chipperfield e a Fundación RÍA. Estas obras supoñen a primeira fase dun proxecto global máis amplo e céntranse na intervención nun espazo de 2.000 metros cadrados e en preto de 400 metros en liña da fachada marítima.

Entre as principais actuacións que contempla o proxecto atópanse as dúas gradas que conectan o paseo co mar. Ambas están integradas sobre o propio noiro do paseo e conforman un dos maiores atractivos desta remodelación.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

PORTO DO SON

Acondicionamento do borde portuario



Importe con IVE: 4.053.794,71 €	Inicio - Fin da obra: 21/7/20 - 7/3/22	Estado: Executada
---	--	-----------------------------

As obras afectan a unha superficie total de 26.000 metros cadrados ao longo de toda a franxa marítima da localidade. O obxectivo principal é recuperar o bordo portuario e abrir o concello ao mar naquelas superficies nas que o uso portuario é residual, e de xeito que se habiliten amplas zonas para o disfrute dos veciños ao tempo que se separa a actividade portuaria máis industrial facilitando o traballo dos usuarios do porto e mellorando a seguridade da zona.

As obras inclúen a creación de varias zonas de integración porto-cidade, a reorganización do vial —cun novo trazado e novos materiais de execución— e a creación dun edificio de servizos náuticos e portuarios nas inmediacións do dique. Esta actuación supón un cambio moi importante no aspecto da localidade, pois todas as rúas que cruzan a vila cara ao porto remátanse en pavimento de pedra integrándoas co propio espazo portuario. Ademais, inclúe unha rotonda elevada en pedra para ubicar o emblemático hórreo de Porto do Son.

Esta obra realizouse ao amparo dun convenio co Concello de Porto do Son, no que este último comprométese ao mantemento das obras.



RIANXO

Edificio de departamentos para usuarios no porto

Importe con IVE: 1.972.300,00 €	
Inicio - Fin da obra: 24/2/21 - 31/3/23	Estado: En execución

O obxectivo desta actuación é continuar dando servizo ao sector portuario construíndo novos departamentos que substitúen aos existentes no mesmo espazo.

As obras consisten na demolición de tres bloques de 22 departamentos que se atopaban en mal estado e a construción de dous novos bloques de 24 departamentos cada un, con mellor calidade construtiva e maior integración na contorna. Esta construción dá cobertura ás actuais necesidades do sector profesional de Rianxo nesta cuestión.

Os novos departamentos contan con 22 metros cadrados de superficie útil destinados ao almacenamento de utensilios propios da actividade profesional e, ademais, cun pequeno aseo. A cuberta de ambos edificios será metálica lixeira, os teitos contarán cunha capa de cartón xeso resistente ao lume e os solos serán de formigón pulido.

Finalmente, os edificios contan tamén con instalación de auga, electricidade, saneamento e preinstalación de telecomunicacións.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA



RIBEIRA

Reordenación interior da lámina de auga do porto

Importe con IVE: 1.252.350,00 €	Inicio - Fin da obra: 21/1/21 - 30/6/22	Estado: Executada
---	---	-----------------------------

O obxecto destas obras é a modernización das instalacións flotantes de atracada no porto pesqueiro de artes menores máis importante de Europa, onde se procura o maior aproveitamento da dársena.



Os traballos consisten na reordenación da dársena mediante a ampliación dos pantaláns de terceira, cuarta e sétima lista, así como o traslado do dique flotante e a instalación dun pantalán para embarcacións institucionais. A ampliación de pantaláns permite a creación de 90 novas prazas de amarre para usuarios de distintas actividades. En concreto, 75 prazas destínanse a embarcacións profesionais, 8 a mexilloeiras, 3 a náutica de recreo e 4 serán para embarcacións institucionais.

Ademais da ampliación de prazas, o proxecto contempla a dotación de torretas de subministro e iluminación aos pantaláns con sistema intelixente de control de consumos. Tamén se dota de torretas de subministro eléctrico de alta capacidade ao peirao situado fronte á lonxa vella. Finalmente, instálase un sistema de control de accesos nos portalóns dos pantaláns que funciona a través do teléfono móbil.



SADA-FONTÁN, A POBRA DO CARAMIÑAL E RIANXO

Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraques nos portos



O obxecto das obras proxectadas supón a modernización das instalacións aboiantes, mellorando a seguridade e accesibilidade ás embarcacións, ademais de optimizar a utilización das augas abrigadas.

Concretamente, no porto de Rianxo ampliaranse lixeiramente os peiraos pesqueiros para a instalación de 77 novos *fingers* habilitando un total de 171 prazas e eliminando o tren de fondeo. Ademais, renovarase integralmente o pavimento aplicando madeira tecnolóxica nos peiraos e a pasarela, instalaranse escaleiras abatibles e unha baliza ao final do pantalán, así como un sistema de apertura das portas con móbil. Finalmente, limparanse os flotadores e sanearanse os pilotes.

Polo que respecta ao porto de Sada, actuarase nos pantaláns situados ao oeste da dársena, de uso mixto pesqueiro e deportivo, reordenando e ampliando as dimensións das prazas de amarre mediante novos módulos e *fingers*. Así mesmo renovarase o pavimento aplicando madeira tecnolóxica, instalaranse escaleiras abatibles

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA



e balizas ao final de cada pantalán e sanearanse os pilotes, entre outras actuacións menores. Tamén se dotará aos pantaláns dun sistema de apertura por móbil.

No porto da Pobra do Caramiñal, mellorarase substancialmente tanto os pantaláns pesqueiros como os mexilloeiros. Nestes últimos colocaranse *fingers* de maior tamaño, máis axeitados para esta frota. Ademais, renovarase integralmente o pavimento con madeira tecnolóxica nos pantaláns e a pasarela, acondicionaranse os trens de fondeo, sanearanse os pilotes e subministraranse escaleiras abatibles e balizas para a punta dos pantaláns. Finalmente dotarase aos pantaláns de sistema de apertura por móbil e poranse en funcionamento as torretas de auga e enerxía eléctrica.

CORME, PONTEDEUME, FISTERRA, O FREIXO, MUROS, MIÑO, BETANZOS E CORCUBIÓN


Ampliación, reforma e mellora de instalacións aboiantes de atraques nos portos

Importe con IVE: 1.294.700,00 €	Inicio - Fin da obra: 13/4/21 - 28/11/22	Estado: Executada
---	--	-----------------------------

O obxecto das obras proxectadas supón a modernización das instalacións aboiantes, mellorando a seguridade e accesibilidade ás embarcacións, ademais de optimizar a utilización das augas abrigadas.

As obras consisten na nova construción, ampliación e/ou reforma das instalacións de atraque dos portos de Corme, Pontedeume, Fisterra, O Freixo, Muros, Miño, Betanzos e Corcubión.

A actuación inclúe os seguintes traballos, porto por porto:



Corme:

- Renovación do pavimento con material sintético.
- Saneado dos pilotes.
- Reforzo e revisión das unións dos *fingers* e módulos.
- Renovación e/ou limpeza dos flotadores. Instalación dun sistema de apertura de portas mediante móbil.
- Escadas abatibles de subida desde o mar. Baliza de aluminio.

Pontedeume:

- Ampliación de prazas de amarre no pantalán pesqueiro coa instalación dun novo módulo.
- Instalación de *fingers* e reordenación das prazas de amarre.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

- Ampliación do pantalán de embarcacións recreativas con instalación de dous novos módulos.
- Construción dun novo pantalán para remo.
- Retirada do cableado dos trens de fondeo. Instalación dun sistema de apertura de portas mediante móbil.
- Escadas abatibles de subida desde o mar.
- Balizas de aluminio.
- Instalación de anelas e rodetes para pilotes.
- Acondicionamento de trens de fondeo.

Fisterra:

- Renovación do pavimento empregando material sintético.
- Saneado dos pilotes mediante chorreo e pintura.

- Reforzo e revisión das unións dos *fingers* e módulos.
- Renovación e/ou limpeza dos flotadores. Instalación dun sistema de apertura de portas mediante móbil.
- Escadas abatibles de subida desde o mar.
- Baliza de aluminio.
- Instalación de anela e rodetes para pilote. Instalación de alumeado.

O Freixo:

- Renovación do pavimento empregando material sintético.
- Saneado dos pilotes mediante chorreo e pintura.
- Reforzo e revisión das unións dos *fingers* e módulos.
- Renovación e/ou limpeza dos flotadores. Instalación dun sistema de apertura de portas mediante móbil.
- Escadas abatibles de subida desde o mar. Baliza de aluminio.
- Instalación de anela e rodetes para pilote.
- Instalación de alumeado.

Muros:

- Renovación do pavimento dos *fingers*, empregando material sintético.
- Ampliación do pantalán de embarcacións tradicionais cun novo módulo e tres *fingers*.



- Saneado dos pilotes mediante chorreo e pintura.
- Reforzo e revisión das unións dos *fingers* e módulos.
- Renovación e/ou limpeza dos flotadores. Instalación dun sistema de apertura de portas mediante móbil.
- Escadas abatibles de subida desde o mar. Baliza de aluminio.
- Instalación de anela e rodetes para pilote.

Miño:

- Renovación do pavimento dos pantaláns, empregando material sintético.
- Instalación de novos *fingers* e reordenación de prazas de atraque.
- Saneado dos pilotes mediante chorreo e pintura.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

- Reforzo e revisión das unións dos *fingers* e módulos.
- Renovación e/ou limpeza dos flotadores. Instalación dun sistema de apertura de portas mediante móbil.
- Escadas abatibles de subida desde o mar. Baliza de aluminio.
- Instalación de anela e rodetes para pilote. Acondicionamento do tren de fondeo.

Betanzos:

- Ampliación do pantalán da escola de remo cun novo módulo.
- Substitución da pasarela de acceso. Instalación de rampla para cambio de franco-bordo.
- Escadas abatibles de subida desde o mar.

Corcubión:

- Renovación do pavimento empregando material sintético.
- Saneado dos pilotes mediante chorreo e pintura.
- Reforzo e revisión das unións dos *fingers* e módulos.
- Renovación e/ou limpeza dos flotadores. Instalación dun sistema de apertura de portas mediante móbil.
- Escadas abatibles de subida desde o mar.
- Baliza de aluminio.
- Instalación de anela e rodetes para pilote.



Importe con IVE:	Inicio - Fin da obra:	Estado:
436.790,64 €	22/5/21 - 11/3/22	Executada

As obras redundarán na mellora das condicións de traballo do sector profesional dos citados portos e veñen motivadas pola necesidade de substituír as defensas anteriores, de tipo vertical, existentes nos peiraos pesqueiros destas dársenas. Estes elementos atopábanse deteriorados pola acción do mar e o seu uso.

En concreto, no porto de Muxía faise necesaria a ordenación da atracada para un mellor aproveitamento do espazo dispoñible. Esta ordénase mediante a instalación de novas defensas de tipo vertical e escadas en substitución das existentes. En concreto instálanse 15 unidades no peirao da lonxa e 10 na atracada da fábrica de xeo. As escadas de madeira substituiranse por 4 escadas de gato de aceiro inoxidable.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

MUXÍA, CAMARIÑAS E RIBEIRA

Mellora de defensas e escadas nos Portos



No que respecta a Camariñas, mellóranse as condicións de atracada tanto para as embarcacións institucionais como para as pesqueiras. En total, instálanse 4 unidades de defensas verticais na zona de atracada da embarcación de Salvamento Marítimo e 8 na de atracada da frota de baixura. En substitución das escadas de madeira instálanse 3 escadas ancoradas.



Polo que respecta ao peirao de Ribeira, proxéctanse 37 novas defensas de protección verticais, separadas 6 metros cada unha no peirao da antiga lonxa e outras 18, tamén separadas por 6 metros, na zona de atracada da fábrica de xeo. Para a instalación destas retíranse as anteriores, de rosario. Ademais instálanse 4 escadas de gato e 2 de aceiro incrustadas no paramento.

VARIOS PORTOS (Zonas Norte, Centro e Sur)

Mellora de medios de amarre e defensas en diversos portos da zona norte, centro e sur

Importe con IVE: 1.823.267,93 €	Inicio - Fin da obra: 1/7/22 - 28/2/23
---	--

Estado:
En execución

O obxecto das obras é mellorar as condicións de amarre das embarcacións, xa que as defensas protexen e absorben o impacto de colisións barco-peirao durante o amarre das embarcacións. Ademais, a distribución das defensas favorece un mellor aproveitamento das zonas de atraque. Por este motivo instálanse preto de 2.000 metros de novas defensas verticais de caucho para distintas cargas e máis de 100 escadas de gato de aceiro inoxidable. Mellóranse 340 defensas de rosario existentes e ademais instálanse 10 bolardos de amarre de fundición para 30 e 15 toneladas.

En concreto, as obras atinxen a dous portos da zona norte –costa cantábrica–: Burela e Cedeira; 18 da zona centro –litoral atlántico da provincia da Coruña–: Pontedeume, Sada, Lorbé, San Pedro de Visma, Suevos, Malpica, Santa Mariña (Ponteceso), Corme, Laxe, Camelle, Cee, O Pindo, Muros, O Freixo, Portosín, Cabo de Cruz, Bodión e Rianxo; e 9 da zona sur –provincia de Pontevedra–: Tragove, O Grove, Bueu, Cangas, Moaña, Meira, San Adrián, Baiona e A Guarda.



4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA

VARIOS PORTOS

Mellora da sinalización vertical nos espazos portuarios

Importe con IVE: 214.068,23 €	Inicio - Fin da obra: 1/3/22 - 22/1/23
---	--

Estado: En execución

Co obxectivo de mellorar de forma adecuada e continua as infraestruturas portuarias, xorde a necesidade de mellorar a sinalización vertical dos portos. Para isto, é preciso a demolición ou desmontaxe desmonte de sinais en mal estado e a instalación da nova sinalización, tanto empregando soportes xa existentes como instalando uns novos.

Esta actuación resulta vital para o adecuado funcionamento da actividade portuaria en cada zona, así como para a preservación da seguridade e regulación da circulación dentro dos espazos de ámbito portuario.



← INICIO



PORTOSÍN

Acondicionamento da lonxa



O obxecto da actuación é acondicionar o edificio e mellorar a súa estanquidade. Para elo renóvarase a cuberta substituíndoa por outra de materiais máis modernos e resistentes. Tamén se renóvarán os canlóns e baixantes deteriorados. Ademais, melloraránse as fachadas a través do seu selado e pintado e repintarase o interior do edificio, concretamente a zona de oficinas.

Esta actuación enmárcase na liña de traballo para a mellora das condicións de traballo dos profesionais do mar que executa Portos de Galicia.

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA




PORTO DO SON

Acondicionamento da lonxa e o edificio da confraría de pescadores



Con esta actuación acondiciónase e mellórase a estanquidade do edificio da lonxa e, deste modo, mellóranse as condicións de traballo no seu interior. Para esta fin renóvase a cuberta, retirando a actual de lámina asfáltica que ten chegado á fin da súa vida útil. Tamén se renóvarán os canlóns e baixantes e melloraránse as fachadas a través do seu selado e pintado. Finalmente, repíntase o interior do edificio, concretamente a zona de oficinas, aseos e zona de poxas. No edificio de oficinas tamén se selan as fachadas para evitar filtracións de auga e píntase o interior.

← INICIO



FISTERRA

Mellora do vial de acceso ao porto

Importe con IVE:	Inicio - Fin da obra:
285.500,00 €	22/12/22 - 21/3/23

Estado: En execución

Esta actuación afecta aos espazos viarios comprendidos entre a rúa Federico Ávila e o paseo de Praia Ribeira, incluíndo a praza de Santa Catalina e o tramo inicial do paseo de Calafigueira. O obxectivo principal é aumentar a capacidade de carga do viario.

Os traballos inclúen a retirada tanto do pavimento anterior –composto por las-tras– como da súa base de formigón para substituílos por un pavimento ríxido de formigón máis resistente e axeitado para o tráfico pesado que circula por esta estrada. As actuacións tamén inclúen a reposición e mellora dos elementos rela-cionados coa execución da obra, como poden ser os sumidoiros de drenaxe ou o encintado das lousas de granito das beirarrúas.



4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA



BUEU

Mellora das condicións de accesibilidade na rúa Montero Ríos e no peirao de pasaxeiros do porto

Importe con IVE:	Inicio - Fin da obra:
202.917,00 €	17/12/22 - 16/3/23

Estado: En execución

As obras consisten na mellora da accesi-bilidade, tanto na zona portuaria da rúa Montero Ríos, como o acceso ao pei-rao de pasaxeiros do porto de Bueu. Os traballos inclúen a ordenación do tráfico rodado no vial, a dotación de aparcadoi-ros para persoas con discapacidade e a habilitación de traxectos peonís. Para o acceso ao peirao de pasaxeiros proxécta-se unha senda de formigón de 82 metros de longo por dous de ancho, protexida por bolardos e varanda.

4.2. OUTRA OBRAS MENORES

ZONA NORTE

Porto	Actuación	Importe
Ares	Reposición de pirona hidráulica AISI 316L de control de acceso ao peirao pesqueiro (sinistro AXA 9701542053)	5.448,60 €
	Reposición de pavimento de formigón zona foso travelift dentro da zona de varada	39.684,40 €
Burela	Limpeza de peche de parcela situada detrás de capitania marítima de Burela	1.500,00 €
	Mellora da rede de abastecemento na zona da lonxa. Anel para garantir a subministración.	12.989,94 €
	Canalización eléctrica na nova nave de redes de Burela	2.276,59 €
Cariño	Mellora da cuberta da nave autorizada asoc percebe. Cambio de uralita por panel sándwich	38.243,75 €
	Separación de liñas de iluminación na nave de redes de Cariño	3.195,00 €
Celeiro (Viveiro)	Peche da nave de redes do porto de Celeiro	38.900,08 €
	Novo control de acceso a pantaláns de Celeiro por rotura	1.758,97 €
	Substitución de equipo de climatización nas oficinas portuarias de Celeiro	9.200,00 €
Foz	Inspección de canalizacións de pluviais do porto	1.000,00 €
O Barqueiro	Renovación das varandas das escadas exteriores dos departamentos	15.310,00 €



Burela

Porto	Actuación	Importe
Varios portos	Tratamento do pavimento de madeira nas pasarelas peonís de Ribadeo e Foz	14.523,86 €
	Instalación de escaleiras de gato con defensas no Vicedo (4) e Ares (3). Reparación de defensa mirasol en Ribadeo	31.970,00 €
	Lugo: contrato de conexión central de alarmas e apertura de peche por usuario.	252,42 €
	Contrato mantemento de 3 elevadores ano 2022	3.840,00 €
	Mantemento axardinado da zona exterior da xefatura da zona norte	720,00 €
	Novo sistema de control de accesos ás instalacións náuticas nos portos de Ribadeo, Foz, Burela, Ortigueira, Cariño, Barallobre, Mugardos e Ares	21.440,48 €
TOTAL		242.254,09 €


ZONA CENTRO

Porto	Actuación	Importe
Camariñas	Reparación de lousas, falso teito e humidades na fachada das oficinas portuarias do edificio da lonxa e oficinas portuarias de Camariñas	6.891,68 €
	Nova liña de abastecemento de auga para dar servizo á fábrica de xeo de Camariñas	26.090,37 €
	Reparación urxente, por razóns de seguridade, da cuberta da nave de redes do porto de Camariñas	2.500,00 €
Corcubión	Conexión ao saneamento das edificacións do porto de Corcubión	15.895,72 €
	Reparación urxente, por razóns de seguridade, do pavimento da explanada pesqueira do porto de Corcubión	22.611,38 €
Fisterra	Retirada e despezamento de veleirio Inshman (R.P.)	4.930,60 €
Malpica	Reparación da comporta da dársena do porto de Malpica	18.500,00 €
	Substitución de 9 bancos con outros de material reciclado	5.100,00 €
	Substitución de zincs, mantemento preventivo da comporta de Malpica e cambio de peches dos cadros de contadores de Caión	4.130,00 €
Palmeira (Ribeira)	Mellora pavimento <i>fingers</i> e reparación pantaláns embarcacións menores	11.040,76 €
Portosín (Porto do Son)	Reparación das defensas de rosario do porto de Portosín	28.194,69 €
	Posta en servizo de barreiras de acceso ao peirao pesqueiro de Portosín	1.077,78 €



Sada

4. BALANCE DE EXECUCIÓN DE OBRA PÚBLICA



Fisterra

Porto	Actuación	Importe
Ribeira	Reparación urxente do dique aboiante sito na zona náutico-recreativa do porto de Ribeira	2.750,00 €
	Reparación urxente de 3 fugas de auga no porto de Ribeira	2.942,00 €
	Despezo total das embarcacións “Rey novo” e “Nécora” abandonadas no porto de Ribeira (R.P.)	7.475,00 €
	Inspección urxente con equipo de mergullo de avaría existente no paramento do peirao pesqueiro do porto de Ribeira	1.750,00 €
Sada-Fontán	Asistencia técnica para a redacción de memoria técnica valorada para a reordenación do sentido de circulación e optimización de prazas de aparcadoiro e elaboración de proxecto construtivo para a execución de viais en explanada do porto de Sada	6.950,00 €
Varios portos	Lorbé e Brens: mellora e reforzo de pavimento das ramplas	35.035,21 €
	Limpeza e desinfección dos postos de inspección fronteiriza (P.I.F.) nos portos da Pobra do Caramiñal e Ribeira	8.930,35 €
	Asistencia técnica para a redacción de memorias técnicas valoradas para a reparación de patoloxías e obras de mantemento en varios edificios dos portos de Porto do Son, Sada, Fisterra e Muros	14.553,00 €
TOTAL		227.348,54 €

ZONA SUR

Porto	Actuación	Importe
A Guarda	Acondicionamento da oficina portuaria segundo informe do SPA	7.048,25 €
Cambados	Tala de 15 palmeiras no paseo marítimo	20.328,00 €
Cangas	Ampliación da liña de atracada do peirao pesqueiro (cegado de escaleiras existentes)	5.853,38 €
	Reparación de avaría na barreira de entrada no control de accesos	1.099,16 €
Carril	Construción de infraestrutura para evacuación de augas da zona de varadas	13.320,29 €
Cesantes	Construción de infraestrutura para evacuación de augas da rampla de varada	26.247,47 €
Combarro	Modificación da sinalización no acceso ao peirao da Canteira	3.383,16 €
Meira	Colocación de novo pavimento tecnolóxico no pantalán pesqueiro (sen <i>fingers</i>)	35.501,16 €
O Grove	Reparación da cuberta das marquesiñas do peirao de pasaxe	4.829,11 €
	Construción de infraestrutura para evacuación de augas do varadoiro	31.946,02 €
	Substitución de 117 táboas deterioradas no paseo de madeira	3.124,22 €
O Xufre	Construción de topes nas 3 ramplas para descarga de mexillón	5.384,50 €
	Instalación dun sistema de bombeo para augas residuais	26.393,67 €
Panxón	Anulación de tubaxe con fugas na rede de saneamento	10.369,70 €
Sanxenxo	Renovación integral do pavimento de madeira do paseo marítimo	47.702,56 €

Porto	Actuación	Importe
Vilanova	Reparacións nos pantaláns de mariscadores e pantalán 2 mexilloeiros	2.695,20 €
Vilaxoán	Reposición de farol ornamental no paseo marítimo	3.937,34 €
Varios portos	Colocación de sinalización de prohibición de acceso a autocaravanas	6.122,60 €
	Reparacións en pantaláns en Pontevedra norte	6.781,26 €
	Reparacións en pantaláns na península do Morrazo	4.832,39 €
	Reparacións en pantaláns de Tragove, O Grove e Carril	10.954,21 €
	Reparacións en pantaláns de Cesantes, Bueu, Cangas, Moaña, Meira e Santa Cristina	9.454,92 €
	Reparacións nos paseos de madeira de Portonovo, Arcade, Aldán e Cangas	10.039,37 €
	Reparacións en pantaláns de Baiona, Arcade e Beluso	10.460,43 €
	Reparacións en pantaláns de Pontecesures, Carril, Vilaxoán, O Grove e Meira	3.023,03 €
Reparacións na lonxa de Arcade e varios en Portonovo	5.765,65 €	
TOTAL		316.597,03 €




Baiona

5.

5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA

5.1. Concesións	54
5.2. Delimitación de espazos e usos portuarios	73
5.3. Plans especiais de ordenación portuaria	74
5.4. Convenios	75



5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPORTACIÓN PORTUARIA

5.1. CONCESIÓN

Ao peche de 2022 nos portos de titularidade autonómica existen máis de 380 concesións en vigor, das que 11 foron outorgadas ao longo de dito exercicio. Ademais, realizáronse decenas de modificacións substanciais de concesións e tramitáronse centenaes de outorgamentos e modificacións de autorizacións administrativas



5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPORTACIÓN PORTUARIA

Porto	Título	Data de outorgamento	Data de vencemento	Total m ²
A Guarda	Explotación e xestión da lonxa no porto de A Guarda	8/5/18	16/5/33	520,97
	Parcela para construción dunha atalaia	20/5/97	17/6/27	0
A Pobra do Caramiñal	Explotación e xestión da lonxa	4/8/00	24/8/25	551,39
	Construción de nave para industria dedicada a axentes consignatarios de buques	8/10/01	11/10/31	4386
	Construción dun edificio para oficinas da asociación	29/11/02	14/12/17	208,84
	Construción dun edificio para oficinas e almacén da asociación	29/11/02	13/6/25	199,76
	Construción de instalacións de subministro de combustible no porto	13/2/13	15/2/38	913,63
	Explotación de instalación náutico-recreativas no porto da Pobra do Caramiñal	14/4/14	15/4/34	1868
	Explotación de bar-cafetería da terminal comercial da Pobra do Caramiñal	13/4/18	24/4/33	208
	Parcela para parque público	22/2/49	15/12/27	0
	Edificación dun grupo escolar	22/2/49	15/12/27	0
	Construción dun edificio para o mercado municipal	21/7/59	15/12/27	440,8
A Toxa	Construción e explotación de instalacións para a náutica recreativa	16/5/12	21/5/46	11402
Aguíño	Prestación do servizo de lonxa municipalizado en réxime de monopolio	21/6/04	3/7/29	1016
	Ocupación de instalacións de dpp para nave e carro varadoiro	20/12/06	23/12/26	2156,4

Porto	Título	Data de outorgamento	Data de vencemento	Total m ²
Aguíño (Continuación)	Nave para criadeiro- sementeiro de moluscos en Aguíño	30/3/11	1/4/31	1295,9
	Instalación e explotación de caseta desmontable para bar-cafetería	8/2/18	17/2/23	127,48
	Ocupación do dominio público portuario soterrado para a construción dunha liña eléctrica para o desenvolvemento da actividade de subministro eléctrico de baixa tensión	9/11/21	13/11/31	0
	Instalación de tubaxe de aspiración de auga do mar para abastecemento dun depósito de mariscos	4/11/60	15/12/22	0
	Modificación da concesión destinada á nave para a manipulación de pesca e cámaras frigoríficas	17/9/98	19/9/28	1363,27
	Ocupación do edificio da lonxa para o desenvolvemento da actividade comercial de lonxa	27/8/21	1/9/25	0
	Arcade	Ocupación de dominio público portuario por liñas de baixa tensión e centro de transformación no porto de Arcade	19/4/18	25/4/28
Ocupación de edificio para o desenvolvemento da actividade comercial de lonxa para o sector pesqueiro e/ou marisqueiro		22/10/21	28/10/31	0
Ares	Concesión de explotación das instalacións náutico-deportivas no Porto de Ares	15/4/03	16/4/23	3209,4

5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPORTACIÓN PORTUARIA

Porto	Título	Data de outorgamento	Data de vencemento	Total m ²
Ares (Continuación)	Ocupación de edificio de usos pesqueiros para almacén de redes, cámaras frigoríficas e centro de descarga de produtos frescos	14/4/10	16/4/40	736,25
	Construción de nave para depósito de embarcacións deportivas e escola municipal	5/10/21	7/10/41	0
Baiona	Construción e explotación de instalacións para a navegación recreativa	7/6/02	10/6/29	55695,3
	Concesión administrativa de instalacións para a navegación recreativa no porto de Baiona	3/5/07	8/5/49	40014
	Explotación de instalacións de bar, cafetería e servizos complementarios ós usuarios da estación marítima de Baiona	11/11/16	18/5/24	215
Betanzos	Ramal APA Posición I-015-Betanzos-Miño	10/7/09	10/7/24	125,55
	Ocupación de edificio para deportes nauticos en Betanzos para practica e ensinanza do piragüismo	27/2/15	10/3/25	714,45
Bodión	Regularización e unificación de títulos concesionais para a industria conserveira e actividades complementarias da entidade no porto	15/6/12	3/6/42	16513,55
Bueu	Construción de centro social do mar e mercado de abastos	27/11/00	30/11/30	3544
	Ocupación de terreos con destino a instalacións de subministro de combustibles a embarcacións	30/6/06	19/1/34	268,2

Porto	Título	Data de outorgamento	Data de vencemento	Total m ²
Bueu (Continuación)	Instalación dunha rede de gas na rúa Montero Ríos	5/11/04	13/11/19	722,42
	Ocupación de terreos de dominio público portuario destinada á instalación dunha rede de cable	15/7/08	25/7/23	371,5
	Instalación dun tramo de liña de media tensión soterrada	5/11/13	8/11/18	99,2
	Construción e explotación de instalación para atracada de embarcacións deportivas	13/8/14	22/8/39	3780
	Explotación e xestión da lonxa	31/5/99	14/6/24	1978
Burela	C.T. prefabricado e conduccións para a liña eléctrica soterrada de B.T.	25/1/01	1/2/31	105,34
	Legalización da explotación de bar-restaurante anexo á nave da antiga lonxa	30/5/02	11/6/22	66,67
	Legalización de almacén de aparellos de pesca	13/5/02	28/11/24	70
	Almacén de repostos para barcos e taller de reparación	3/3/03	12/9/25	296,6
	Local para almacéns de aparellos de pesca	1/4/03	8/10/25	863,1
	Instalacións de subministración de gasóleo a buques	13/7/05	20/1/28	1400,23
	Construción e explotación da nave para reparación de buques no porto de Burela	20/6/14	25/6/34	1787
	Edificación usos múltiples pesqueiros: fábrica de xeo, cámaras de frío, zona de preparación de pescado e oficinas administrativas	20/4/18	25/4/28	1351,7

5. BALANCE DE PLANIFICACIÓN E EXPORTACIÓN PORTUARIA

Porto	Título	Data de outorgamento	Data de vencemento	Total m ²
Burela (Continuación)	Liña eléctrica de media tensión en canalización soterrada para subministro da lonxa de Burela	15/11/17	21/11/27	299,43
	Ocupación de nave de departamentos de armadores para almacén auxiliar da fábrica de xeo e o almacén de medios mecánicos	26/1/21	28/1/31	0
	Ocupación de almacén para depósito, reparación e inspección de balsas pneumáticas de salvamento	26/1/21	28/1/31	0
	Taller de reparación de motores e demais da flota pesqueira	12/3/22	15/3/32	0
	Construción dun almacén para instalar un taller de carpintería.	3/1/61	15/12/27	217,7
	Taller mecánico e reparación de barcos e auto-camiós	3/1/61	15/12/27	665,76
	Construción dun almacén para efectos navais e útiles de pesca	12/6/03	24/12/27	201,32
	Almacén de redes e accesorios para barcos de pesca	19/1/61	15/12/27	68
	Varadoiro de buques no porto de Burela	27/11/90	8/1/38	7864,4
	Ampliación e modificación de rampla varadoiro e edificios anexos	19/1/94	10/2/32	11712
	Construción da nova lonxa climatizada e informatizada	26/1/98	26/1/40	11646
	Instalacións de almacenamento e subministración de gasóleo a barcos	12/7/99	23/7/29	3328

Porto	Título	Data de outorgamento	Data de vencemento	Total m ²
Cabo de Cruz	Construción e explotación de instalacións de subministración de combustible a buques y coches	30/5/00	7/1/23	365,09
	Lonxa	7/6/02	11/6/27	765,8
